

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 4 TRABALLADORES PARA AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE CORTEGADA. ANO 2022 (OURENSE).**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal para as brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cortegada para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020; dos seguintes traballadores:

- 1 Xefe de brigada.
- 3 Peóns forestais, un deles coa condición de peón condutor.

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais integraranse desde o inicio da actividade, e durante todo o período de actuación, no dispositivo de emerxencias do distrito forestal, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais e conforme o Pladiga.

Os traballadores realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requeridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da citada Lei 3/2007.
- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.
- Traballos de prevención, consistentes en actuacións manuais como rozas, rareos e eliminación posterior de restos. Estes traballos poderanse realizar en zonas mecanizables sempre que existan circunstancias que técnicamente o aconsellen.
- Mantemento das ferramentas e equipamento en perfecto estado de uso.

**SEGUNDA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para ser admitidos nesta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ser español ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ser cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou de cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte anos e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



2. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, debendo superar unha proba física de esforzo e un recoñecemento médico, para garantir as condicións de saúde para o traballo a realizar.

3. Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

4. Titulación esixida:

4.1.- Para o posto de xefe/a de brigada, requírese estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Enxeñería de montes.
- Enxeñería técnica forestal.
- Técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural.
- Técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.
- Estar en posesión do carné de conducir B.

4.2.- Para os postos de peóns forestais (incluído o peón condutor) non se esixe titulación mínima. Posuirán carné de conducir B.

5. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

6. Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

### **TERCEIRA.- DURACIÓN DO CONTRATO.**

A contratación farase polo prazo de tres meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación laboral de duración determinada (Disposición Adicional Quinta do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro), consistindo na prestación das tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais.

En virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local correspóndelle ao Sr. Alcalde a competencia para a aprobación das bases das probas para a selección de persoal, ou ao órgano correspondente no caso de existencia de delegación de competencias.

### **CUARTA.- RETRIBUCIÓNS.**

- Xefe de brigada. Soldo: 1.800,00 euros/mes brutos, incluída a parte proporcional da paga extra.
- Péóns forestais (incluído peón condutor), Salario Mínimo Interprofesional, distribuído en salario base e pagas extras prorrateadas.

### **QUINTA.- PARTICIPACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

A presente convocatoria será publicada no BOP, na páxina web [www.cortegada.es](http://www.cortegada.es) e no taboleiro de anuncios do concello.



As persoas interesadas disporán do prazo de cinco días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP para presentar as súas solicitudes de participación no proceso selectivo así como o resto da documentación e méritos ao concello, podendo empregar as diferentes vías existentes.

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde, achegaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, de 09:00 a 14:00 horas ou a través da sede electrónica. Tamén poderán remitirse nas formas determinadas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso, deberán comunicalo mediante correo electrónico, ao mail [concello.cortegada@eidolocal.es](mailto:concello.cortegada@eidolocal.es), durante o mesmo prazo que o de presentación de solicitudes.

**Se o día en que finalice o prazo de presentación de solicitudes fose día inhábil o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte.**

Xunto coa solicitude (ANEXO I) deberán achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Fotocopia do carné de conducir B.
- Declaración responsable conforme ao Anexo II.
- 

Para que teñan validez neste proceso selectivo os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia, ben galego ben castelán.

Rematado o prazo de 5 días hábiles fixado para a presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dos (2) días naturais, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello indicarse a causa de exclusión e concederá un prazo de 1 día hábil, contado a partir do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou enmendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión.

No suposto de non haber excluídos poderase seguir co proceso.

No suposto de reclamacións tomarase un novo acordo estimándoo ou desestimándoo con publicación da lista definitiva. No caso de non presentarse reclamacións, a lista publicada terá carácter definitivo.

#### **SEXTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.**

A selección dos candidatos/as entre aqueles admitidos farase en función das probas selectivas seguintes:

**I.- PROBA PRÁCTICA.-** Dado que entre as accións a desenvolver polo persoal da brigada atópase a obriga de realizar traballos de prevención de forma manual, os aspirantes someteranse a unha proba práctica de roza con máquina manual. O tribunal proporá aos aspirantes traballos de desbroce en terreos e superficies similares para todos os aspirantes, e valorará o manexo da ferramenta, capacitación, habilidade, tempo empregado, destreza e outras circunstancias que o tribunal considere apropiadas. A proba valorárase de 0 a 10 puntos, será eliminatória, sendo necesario obter 5 puntos para continuar no proceso selectivo.

**II.- ENTREVISTA CURRICULAR.** O tribunal convocará aos aspirantes a unha entrevista, que terá por finalidade avaliar a dispoñibilidade do aspirante, a súa adecuación ao posto de traballo convocado e o ceñemento do territorio. Puntuarase ata un máximo de 3 puntos. Esta proba non será eliminatória. A puntuación sumarase á obtida polos aspirantes na primeira proba.



**III.- PROBA FÍSICA DE ESFORZO.** De acordo ao que establece a cláusula Quinta, punto 1 do convenio, os aspirantes someteranse a unha proba física de esforzo que garanta as súas condicións de saúde para a realización do traballo. A mesma será realizada polos **3 aspirantes** que obteñan mellor puntuación nas dúas primeiras probas tanto para o posto de peón como o de xefe de brigada, e levaraa a cabo a empresa capacitada designada polo Sr. Alcalde. Esta proba non será obxecto de puntuación, e unicamente se obterá cualificación de “Apto” ou “Non Apto”. Os aspirantes que non obteñan a valoración de “Apto” quedarán eliminados do proceso selectivo.

**IV.- RECOÑECEMENTO MÉDICO.** Os aspirantes que superen a proba de esforzo, e de acordo coa mesma cláusula do convenio, someteranse a un recoñecemento médico por entidade sanitaria que acreditará a súa aptitude para o desempeño do traballo. Esta proba non será obxecto de puntuación, e unicamente se obterá cualificación de “Apto” ou “Non apto”. Os aspirantes que non obteñan a valoración de “Apto” quedarán eliminados do proceso selectivo.

Os puntos obtidos na proba práctica e na entrevista curricular por parte dos aspirantes que superaran as probas sumaranse.

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global. En caso de empate, terá preferencia o solicitante de menor idade.

#### **SÉTIMA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

O tribunal cualificador nomearase polo Sr. Alcalde e estará integrado de conformidade co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), seleccionando os seus membros entre persoal funcionario, laboral e/ou técnicos competentes na materia. O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza do Presidente/a, dun vocal, e do Secretario/a ou de quen os substitúan.

O tribunal estará facultado para interpretar e resolver as cuestión que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio.

#### **OITAVA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do tribunal e de incorporación ao servizo.

Logo da selección e con anterioridade ao inicio da operatividade, o persoal seleccionado debe realizar **obrigatoriamente** un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e a defensa contra os incendios forestais de 16 horas, en base ao exposto na Cláusula QUINTA.2 e 3 do Convenio.

#### **NOVENA.- CONTRATACIÓN.**

Os candidatos/as seleccionados/as serán contratados en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concelo.

O contrato formalizarse por escrito co aspirante seleccionado no prazo máximo de cinco días desde que se publique o nomeamento. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días.

A composición das brigadas será definida por Resolución do Sr. Alcalde.



De acordo co preceptuado no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, O Concello de Cortegada realizará a publicación dos datos persoais dos candidatos e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios do Concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Os datos de carácter persoal que o interesado facilite serán tratados polo Concello de Cortegada coa finalidade de selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolvela convocatoria na que participa. A lexitimidade do tratamento baséase no consentimento do interesado, e no cumprimento de obrigas legais polo Concello de Cortegada. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados a outras administracións ou rexistros públicos. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Cortegada, R/ Otero Novas Nº2, 32200 Cortegada (Ourense) ou na dirección de correo electrónico [dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com), así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

#### **DÉCIMA.- RECURSOS.**

As presentes e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

#### **ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA**

**SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE CORTEGADA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 4 TRABALLADORES PARA AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS.**

NOME E APELIDOS: .....

---

**Concello de Cortegada**

Rúa Otero Novas, 2, Cortegada. 32200 (Ourense). Tfno. 988 483 001. Fax: 988 099 021



DNI: .....

ENDEREZO:.....

LOCALIDADE/MUNICIPIO/PROVINCIA: .....

TELÉFONO:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Cortegada para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza de (xefe de brigada, peón forestal): ....., tendo en conta que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicito participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
- Fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios
- Fotocopia da titulación esixida.
- Fotocopia do carné de conducir.

En ....., a ..... de ..... de 2022

O/A solicitante,

Asdo.: .....

## SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CORTEGADA

Información básica sobre protección de datos:

Responsable del tratamento: Concello de Cortegada.

Finalidade do tratamento: selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatoria pública

O titular pode exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 (acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos) ante o Concello de Cortegada ou na dirección de correo electrónico [dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com)

Pode consultar a información completa sobre protección de datos nas bases da convocatoria publicadas en: [www.cortegada.es](http://www.cortegada.es)

## ANEXO II

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE A BASE SEGUNDA PUNTO 5 E BASE QUINTA DAS QUE REXEN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 4 TRABALLADORES PARA AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE CORTEGADA (OURENSE)**



D./D<sup>a</sup> ....., con DNI núm. ...., e con domicilio a estes efectos en .....

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de: ....., convocada polo Concello de Cortegada e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impido, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

En ....., a ..... de ..... de 2022

O/A solicitante,

Asdo.: .....

Información básica sobre protección de datos:

Responsable del tratamento: Concello de Cortegada.

Finalidade do tratamento: selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatoria pública

O titular pode exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 (acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos) ante o Concello de Cortegada ou na dirección de correo electrónico [dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com)

Pode consultar a información completa sobre protección de datos nas bases da convocatoria publicadas en: [www.cortegada.es](http://www.cortegada.es)

